

Egasur SL, 1999, 105 pp. (ISBN: 84-930739-1-1).

Libro múltiple de formas e xestos mais cunha vocación inequivocamente rebelde, en pé de guerra polas causas solidarias todas, malia seren as actuais as máis reivindicadas. Comeza cun poema prólogo para de seguido se mergullar en versos de temática antimilitarista e pacifista, nun apartado chamado precisamente “Versos Insubmisos”. Xa na segunda parte, titulada “8 poemas de/en marzo” temos unha ollada crítica á situación das mulleres ó tempo que unha choscadela tenra pola súa redención. A continuación vén “Abril maio e outras lúas”, de temática heteroxénea. En “Historias con nen(arroba)” aparecen breves poemas que xiran ó redor da infancia. Finalmente, en “Outras consciencias” e en “8 textos urxentes polos balcáns e un poema esperado”, volvemos á temática central do libro que se concreta na guerra dos Balcáns como paradigma da senrazón, histórica e política, no que se canta sobre todo á necesaria e xusta paz.

Referencias varias:

- Xosé Antonio Perozo e Mercedes Moralejo, “De coyotes, versos y utopía”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), “Vigo Sociedad Anónima”, 26 setembro 1999, p. 59.

Comentan que Manolo Pipas, como case tódolos poetas, cre na utopía e soña con mundos mellores e refírense á súa insumisión, que o levou a loitar con versos, pancartas ou charlas contra a organización militar. Sinalan que vén de publica-lo seu primeiro libro de versos, *Marzo abril e outros naufraxios*, que nos fai pensar que podemos estar ante un novo gromo de poesía social. Recollen algunhas declaracións deste vigués, quen di que a súa é unha “poesía dun tempo” e que, en vez de ser de “protesta”, é de “propuesta”.

Pociña, Andrés, *Versos para Aurora*, limiar de Luz Pozo Garza, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Poesía, 1999, 93 pp. (ISBN: 84-7492-932-6).

Andrés Pociña (Lugo, 1947) xunta nesta obra 34 poemas, repartidos nestas cinco partes: “Na mañanciña”, “Lembrando viaxes”, “Sonos e sensacións”, “As miñas poetas” e “Adiós e fuga”.

Na primeira, declara o poeta que o seu único tema é o seu amor a Aurora e que, sendo o seu un amor non desgraciado, non por iso deixa de ser un amor poético. Na segunda, “Lembrando viaxes”, párase no tópico do amor como forza que libera o home e recorda algunhas viaxes con Aurora a Lisboa, Alemaña, Venecia e outros sitios. Na terceira aparecen referencias ó erotismo e descrições do amor carnal. “As miñas poetas”, cuarta parte, son poemas dedicados ás poetas que admira e ás que xa no poema de comezo cita como musas: Safo, Rosalía, Pura Vázquez ou Luz Pozo. Tamén ten moi presentes ó longo do libro a autores como Catulo, Whitman ou Lora. O libro remata, no derradeiro apartado, cun único poema titulado “E se fose preciso un epitafio”, que no seu derradeiro verso di: “Tivo un amor longo. Pagoulle a pena a viaxe”.

Prol, Santiago, *Alga e Fungo*, Pontecesures: Edición de autor, maio 1999, 85 pp. (D. L.: PO-190-99).

Comeza este poemario de Santiago Prol (Maceda, Ourense, 1960) cun texto, en prosa e en castelán, de Gioconda Belli titulado “Vestidos de dinamita”. A seguir, preséntanse tres partes de extensión desigual e temática diferente: a primeira, titulada “fungo” contén vinte poemas enunciados a través dunha voz en terceira persoa que presenta situacións de supervivencia ó límite da desesperación; a segunda, titulada “alga”, inclúe dez composicións de carácter intimista nas que unha voz poética en primeira persoa expresa diversos sentimentos relacionados co amor, a esperanza e a nostalxia; a terceira, titulada “punto final” consta dunha cita de Mario Benedetti e un poema onde latexa o tema da morte.

Referencias varias:

- R. F., “Un diario de sentimentos en prosa poética”, *La Región*, 24 agosto 1999, p. 10.

Presenta esta primeira publicación de Santiago Prol, que xa rematara de escribir no ano 1997 e coa cal pretende que o lector “se identifique cos poemas, porque plantexan situacións que lle poden pasar a calquera persoa”. Tamén recolle a definición que o autor dá sobre o seu traballo e a consideración que el ten da súa condición de poeta, ademais de ofrecer outros datos deste *Alga e Fungo*, que está dividido en tres partes: “Fungo”, “Alga” e “Punto Final”.